

XIV FESTA do VINHO TINTAFEMIA



30 de Xuño, 1 e 2 de Xullo
Santa María de Cela

Saúda Xunta Directiva

Dende a **Asociación de Viticultores San Martiño de Bueu** que nestes intres teño a honra de presidir, quero darlles a benvida a **XIV Edición da Festa do Viño Tinta Femia de Cela.**

Parece que foi onte, e xa vai alá un ano, no que se produciron novedades importantes de cara o futuro dos nosos viños, como foi a legalización e posta en marcha da Indicación Xeográfica Protexida "**Ribeiras do Morrazo**" na que dentro de outras moitas variedades tintas e brancas queda autorizada a nosa **Tinta Fremia**, decisións que xa se deberían ter tomado fai anos, porque e realmente increible que a nosa zona de produción en pleno corazón da Rias Baixas, non estivera acollida a D.O. Rias Baixas e si acolleran zoas como Ponte Ulla ou Crecente, sin ir más lonxe. Pero como dí o refran "**NUNCA E TARDE CANDO A DICHA E BOA**".

Este ano tamén presentamos novedades importantes en canto a exposición e venda dos viños que pasan a ser **Anónimos** e que soio se identificarán o remate da festa. Acertados ou non o desenvollo da festa quitaranos ou daranos a razón. Feito a través dunha votación entre colleiteiros por maioría absoluta. Tamén temos en mente outra alternativa complementaria; a de viño por botella, que sería a venta de viño por copa, que lle estamos dando voltas.

Quisera en primeiro lugar felicitar os Colleiteiros, que un ano máis prestaron toda a sua colaboración e sabiduría para que este evento volva a celebrarse, cunha elaboración de viños francamente interesantes, cada un deles cos seus matices nos que se nota unha importante dedicación e esmero, que dende aquí agradecemos. Cada día o noso viño está a ser máis recoñecido. Este ano estuvo presente en feiras de viños de Oporto e de Barcelona, cun notable e agradable éxito. Polo mundo xa se fala da FEMIA.

A continuación quero agradecer, a todos os Colaboradores, que mediante os seus anuncios a través do presente libro e da radio permítennos acadar os nosos obxetivos, cada ano máis elevados. Tamén agradecerlle a unha serie de Colaboradores Anónimos que a través de Donativos e compra de rifas súmanse o proxecto.

Non podo rematar este saúda sen facer referencia aos Organismos Oficiais; **Concello de Bueu, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia, a través da Xerencia de Turismo**, cada un deles dentro das súas posibilidades e que nos animan a afrontar con un pouco máis de seguridade esta querida **Festa do Viño Tinta Femia de Cela.**

Por todo isto queremos que dende este maravilloso balcón da Ria de Pontevedra, disfruten de unhas boas festas, que nos sirvan para olvidar os problemas que cada un poida ter, e pasar uns momentos agradables, en boa compañía, con bo viño e boa comida.

Salud e ledicia para tod@s.

Fernando García Cendón